

INFORME DE INTERVENCIÓN
ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA 2026
EXP TECOL N°:
2025/T014/000005. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL XERAL
2025/T014/000007. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IBI.
2025/T014/000006. MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IVTM.
2025/T014/000003. MODIFICACION ORDENANZA PREZO PUBLICO COMEDORES ESCOLARES.

En cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), no artigo 92.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 4 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, emito o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanzas fiscais do Concello de Lugo vixentes para 2025.

ANTECEDENTES:

- Decreto número 7876/2025 do 12 de agosto de 2025 asinado pola tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude do Excmo. Concello de Lugo, que insta a incoación de expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- Informe proposta asinado pola Xefa de Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch e pola Tesoureira Municipal, María Aránzazu Sastre Carracedo, co conforme da Ilma. tenente de alcalde de Cohesión Territorial, Sra. Ana González Abelleira, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do Excmo. Concello de Lugo, de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, de data 10.09.2025.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac7106865672650084667.doc

Asunto: Modif. Ordenanzas fiscais para 2026

- Informe proposta asinado pola Xefa de Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme do Excmo. Sr. Alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 203 Reguladora do imposto sobre bens inmboles, de data 04.09.2025.

- Informe proposta asinado pola Xefa de Educación, Beatriz Pérez Traseira, co conforme da Concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buíde Pena, de data 27.08.2025 de modificación da ordenanza num. 406 reguladora do prezo publico pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria

- Informes proposta asinados pola Xefa de Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme do Excmo. Sr. Alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, de modificación da Ordenanza Fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, de data 04.09.2025

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 10.09.2025, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, don Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 7876/2025 do 12 de agosto de 2025, analizando os cambios propostos.

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 09.09.2025, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, don Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza num. 406 reguladora do prezo publico pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria, analizando os cambios propostos.

- Proxectos de modificación da ordenanza núm. 406 prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros publicos de educación infantil e primaria e das ordenanzas fiscais 200, 201, e da ordenanza fiscal xeral da Ilma. Sra. Dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude de data 10.09.2025.

- Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo vogal Pedro Fernández Agustí, e pola membro suplente, María Jesús López Vázquez, o 11.09.2025.

- Informe xurídico de secretaría en relación coa modificación da ordenanza do prezo público prestación servizo municipal comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria e das ordenanzas fiscais parao ano 2026. Exptes nº2025/T014/000003, 2025/T014/000005, 2025/T014/000006, 2025/T014/000007, asinado o 12.09.2025, polo vicesecretario accidental, concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas, e no que se pon de manifesto, entre outros o seguinte: *“En consecuencia, corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación das ordenanzas fiscais referenciadas e da ordenanza núm. 406 prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos*

centros publicos de educación infantil e primaria, e posteriormente ao Pleno da Corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas fiscais referenciadas e da ordenanza núm. 406 prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros publicos de educación infantil e primaria, previo ditame da Comisión informativa especial de contas e ordinaria da alcaldía e sostenibilidade urbana e recursos internos"

Extremos de xeral comprobación:

- **Órgano competente:** Artigos 127.1.a) e 123.1.d) da LRBRL. Informe do vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodriguez, do 12.09.2025: *"De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais. De conformidade co disposto no artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais."*

- **Inicio do expediente:** - Decreto número 7876/2025 do 12 de agosto de 2025 asinado pola tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude.

- **Informe do máximo responsable do servizo:** Cumpre

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 10.09.2025, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, don Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 5535/2024.

- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo o 09.09.2025, Isabel Carbonés Bosch, coa conformidade do Xefe da Asesoría Xurídica, don Manuel Louzao Aldariz, sobre a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza num. 406 reguladora do prezo publico pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria, analizando os cambios propostos

- Constan tamén informes proposta asinados pola propia xefa do servizo de facenda local, tesoureira municipal, xefa do servizo de educación, de datas 04.09.2025, 10.09.2025 e 27.08.2025

- **Informe de Asesoría Xurídica:** Consta a conformidade do xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz nos informes do Servizo de Facenda Local citados no punto anterior do 10.09.2025 e 09.09.2025. O artigo 3.4 do RD 128/2018 sinala que a emisión do informe do Secretario, na función de asesoramento xurídico, poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

- **Proposta do responsable da área xestora:** Proxectos de modificación da ordenanza núm. 406 prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros publicos de educación infantil e primaria e das ordenanzas fiscais 200, 201, e da ordenanza fiscal xeral da Ilma. Sra. Dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de

INTERVENCION

LVP/ccg

Refº: ispac7106865672650084667.doc

Asunto: Modif. Ordenanzas fiscais para 2026

Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude de data 10.09.2025.

- **Ditame do Tribunal Económico Administrativo:** Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo vogal Pedro Fernández Agustí, e pola membro suplente, María Jesús López Vázquez, o 11.09.2025

- **Informe Xurídico, artigo 3.3.d.1º) RD 128/2018:** Informe xurídico de Secretaría, asinado polo vicesecretario accidental o 12.09.2025 concluíndo o carácter favorable á tramitación das modificacións propostas.

-. **Análise das modificacións propostas:**

1.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL XERAL

Con carácter xeral, as modificacións previstas na Ordenanza Fiscal Xeral corresponden a adaptacións técnicas propostas pola Tesoureira Municipal, que recollen unha serie de cambios de redacción e adaptacións do articulado á normativa actual que buscan mellorar a xestión do servizo na aplicación desta ordenanza que, en principio, non teñen consecuencias económicas directas.

As modificacións que se introducen on as seguintes:

A) Modificación do apartado 4 do artigo 33, regulando a división da cota tributaria.

Búscase dar cumprimento a unha recomendación realizada pola Valedora do Pobo, de non restrinxir a posibilidade de división da cota en orde a aspectos económicos, polo que a proposta é eliminar esta naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6,00 €.

B) Modificación dos artigos 41 a 46 . Aprazamentos e fraccionamentos.

Trátase neste caso de modificacións formais que buscan mellorar a redacción e comprensión do articulado e eliminar duplicidades (supresión do artigo 42.2 e artigo 44.2)

No artigo 42.6 determínase a imprescindibilidade de achegar xunto coas solicitudes a certificación de saldo de conta corrente e os movementos dos últimos tres meses de todas as contas bancarias, e non a opción por un ou outro documento, xa que non abonda un deles para analizar a concesión ou denegación.

No artigo 42.7.b) límitase a 2 anos o incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos anteriores como suposto de denegación das solicitudes.

C) Modificación dos apartados dous e tres do artigo 63, relativo á aprobación dos padróns.

Modifícase a regulación do prazo de exposición pública dos padróns e a regulación do prazo de interposición de recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón anual regulados no artigo 63.2 e 63.3 respectivamente, para axustarse a normativa vixente na materia.

D) Modificación do segundo parágrafo do apartado tres do artigo 89. Recurso potestativo reposición.

Dáse cumprimento ao disposto no artigo 14.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no que se refire ao prazo para a interposición do recurso.

2.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IBI

As modificacións que se introducen son as seguintes:

A) Modificación do apartado 2 do artigo 3. División de cotas por cotitularidade.

Como no caso da Ordenanza Fiscal Xeral, búscase dar cumprimento a unha recomendación realizada pola Valedora do Pobo, de non restrinxir a posibilidade de división da cota en orde a aspectos económicos, polo que se modifica o artigo 3.2 admitindo a posibilidade de división en inmobles nos que como consecuencia desta resulten cotas líquidas de importe inferior a 3,90 €.

B) Modificación do apartado 1 do artigo 4. Exencións.

Adáptase entón tamén o artigo 4.1, de xeito que a exención para inmobles de natureza urbana nos que a súa cota sexa inferior a 3,90 €, se aplique a aqueles nos que este importe estea xa por debaixo antes da división a que se refire o punto anterior.

3.- MODIFICACION ORDENANZA FISCAL IVTM

As modificacións que se introducen son as seguintes:

A) Modificación do apartado 2 do artigo 4, relativo ao feito imponible.

Modifícase o artigo 4.2 para adaptar a remisión que se realiza ao vixente Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, no que atinxe á bonificación destes.

B) Modificación do apartado 5 do mesmo artigo 4, relativo ao procedemento de concesión de beneficios fiscais.

No que se refire ao parágrafo 4 do artigo 5, búscase facilitar a xestión da exención aos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola, nos casos de aplicación ao mesmo exercicio en que se solicita, aclarando o momento para facelo, e, para os casos de autoliquidación regulando que se debe presentar xunto con esta, aplicándose de xeito provisional. En esencia o que se busca é facilitar a tramitación e evitar as correspondentes anulacións e devolucións de recibos.

4.- MODIFICACION ORDENANZA PREZO PUBLICO COMEDORES ESCOLARES

As modificacións que se introducen son as seguintes:

A) Modificación do artigo 2. Obrigados ao pago.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refº: ispac7106865672650084667.doc

Asunto: Modif. Ordenanzas fiscais para 2026

Cámbiase o emprego do termo usuario habitual por usuario fixo. Realízase unha regulación da distinción, descrición e condicións aplicables aos usuarios fixos e esporádicos.

B) Modificación do artigo 3. Cotas.

Aos efectos do establecemento das cotas a aboar, cámbiase a utilización do termo prestación ordinaria por prestación fixa, de acordo co artigo anterior.

C) Modificación do artigo 4. Procedemento de pagamento.

Modifícase a regulación da formalización da asistencia, das baixas, das faltas de asistencias e os seus efectos. Esténdese a domiciliación bancaria a tódalas prestacións. Regulación da determinación do cálculo do importe do recibo e regulación dos efectos da falta de pagamento das mensualidades.

Como se sinala nos informes que forman parte do expediente, a presente modificación non afecta ás tarifas establecidas.

Compróbase, ao tratarse dun prezo público, que foi realizado o trámite de consulta previa do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen que conste a presentación de alegacións ou achegas.

RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO PREVIO

Procede a tramitación do expediente, en base aos informes que conclúen o seu carácter favorable, debendo seguirse para a súa aprobación o procedemento recollido no apartado terceiro do informe xurídico de Secretaría, asinado polo vicesecretario accidental o 12.09.2025, coas seguintes observacións:

Vense, nos últimos anos, por parte da intervención facendo mención entre outros aspectos a un certo estancamento na evolución dos ingresos fronte aos gastos aos que deben dar cobertura. É certo que no exercicio previo se tomaron algunhas medidas neste senso, con respecto ao IBI e certas figuras recadatorias como auga e saneamento, pero aínda así no informe 2025/521 á liquidación do Orzamento Xeral de 2024, de 11.04.2025 indicábase

*“Por todo o exposto, a conclusión pode ser que se está nunha liña de actuación axeitada, que pode empezar a amosar resultados, pero que non se debe perder a perspectiva nin esquecer as consecuencias de sairse dela, polo que deben seguir a aplicarse medidas de racionalización do gasto discrecional non obrigatorio e de **revisión das correspondentes ordenanzas fiscais referidas a taxas e prezos públicos, que se corresponden con servizos e actividades prestados polo concello, de forma que se trate de dar cumprimento as obrigas legais de cobertura do custe dos mesmos** (art. 25 e 44.1 do TRLRFL, art. 7 e 25.1 da Lei 8/1989, de 13 de abril)”.*

Algo similar se recollía no informe á Conta Xeral de 2024, engadindo “Por outra banda, o elemento máis destacable desta memoria constitúe a análise do “RENDEMENTO DOS SERVIZOS”, onde se recolle a contía de recursos económicos obtida pola prestación dos servizos municipais, en termos absolutos e percentuais. Pódese comprobar que a maioría deles se atopan claramente infrafinanciados.

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac7106865672650084667.doc

Asunto: Modif. ordenanzas fiscais para 2026

Deste xeito na totalización final dos datos compróbase que a cobertura apenas alcanza a un 21,00 % dos custos totais soportados polo concello. É certo que, de acordo coa normativa, hai servizos polos que non se poden percibir ingresos específicos (p. ex. Artigo 21.1 TRLRFL), pero a norma xeral debe ser buscar o autofinanciamento, meta que se atopa moi lonxe na maioría de actividades e servizos prestados á vista dos datos da memoria”

Tendo en conta o anterior, enténdese que o concello debería ser máis ambicioso na modificación proposta para 2026, pois botanse en falla figuras importantes que seguen sen axustarse ao custo que xeran, e outras que, non tendo tanta transcendencia económica, tamén axudarían a mellorar a situación xeral, sen obviar as obrigas legais xa citadas dos artigos 25 e 44.1 do TRLRFL, art. 7 e 25.1 da Lei 8/1989, de 13 de abril, e máis específicas como o artigo 11.3 da Lei 7/2022, de 8 de abril.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.

Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

Asinado dixitalmente pola xefa de servizo de Fiscalización Previa e Función Interventora, María C. Castro-Gil Iglesias, mailo Interventor Xeral Municipal, Luis Ramón Vázquez Parga, na data que se indica á marxe.